

Sen emprego non hai futuro

...medidas

12 Creación dun Complexo Industrial da Construción Naval na Ría de Ferrol, así como dun holding na Ría de Vigo, con participación pública e privada, que integre os estaleiros, as empresas auxiliares e as empresas de transformación do metal.

13 Consideración da enerxía como un servizo público. Creación dunha Tarifa Eléctrica Galega.

14 Fomento, por parte da Xunta de Galicia, da produción propia en todos os ámbitos da creación e difusión da nosa cultura.

15 Proceder a unha auditoría da débeda pública, negándose a pagar aquela parte da débeda que sexa considerada ilexítima.

100 MEDIDAS PARA CREAR EMPREGO EN GALIZA

Consulta o documento completo en:
www.galizacig.com

SALVEMOS !!! GALIZA !!!



SALVEMOS !!! GALIZA !!!



MEDIDAS PARA CREAR EMPREGO



Propostas para o crecemento económico e a creación de emprego

Introdución

Dende o inicio da crise a CIG está a defender un conxunto de propostas alternativas orientadas a unha saída favorábel para a clase traballadora galega e feitas dende unha perspectiva de defensa dos nosos intereses nacionais. Somos conscientes de que as políticas de concentración e centralización da riqueza e do poder afondan no carácter colonial e periférico de Galiza e só dende alternativas feitas en función da nosa propia realidade social e económica, de reforzo do noso autogoberno e da capacidade de decidir libremente en todas as materias poderemos ofrecer medidas que sirvan os intereses da clase traballadora e garantan un reparto equitativo da riqueza.

Medidas para o emprego...

1 Promoción do consumo dos produtos galegos como forma de reactivación do mercado interior e contribuír a manter o emprego.

2 Plan de desenvolvemento industrial que promova o peche dos ciclos produtivos en Galiza e aumente o valor engadido en aqueles sectores básicos da nosa economía (pesca, conserva, forestal, moble, agrogandeiría, pedra natural, automoción, naval...).

3 Constitución de empresas públicas galegas nos sectores estratéxicos da nosa economía. Creación do Instituto Galego da Empresa Pública.

4 Redución da xornada laboral a 35 horas semanais sen perda de salario.

5 Dignificación dos salarios e mellora do poder adquisitivo.

6 Forte incremento do investimento público e do gasto social, en infraestruturas, mellora dos servizos públicos e en I+D+i.

7 Profunda reforma fiscal para que paguen máis aqueles que máis teñen (as rendas máis

altas, as grandes fortunas, a banca, as grandes empresas...). Obriga de que todas as empresas con centros de traballo en Galiza paguen aquí os seus impostos. Persecución efectiva da enorme fraude fiscal existente.

8 Creación dunha Banca Pública comercial que facilite o crédito a familias e a pequenas e medianas empresas. Non á privatización de NGBanco.

9 Creación dun salario de inserción laboral para todas as persoas desempregadas que non cobren outro tipo de prestación.

10 Fomento da gandería e agricultura ecolóxicas. Apoio público aos circuitos de proximidade para a transformación e comercialización directa polos agricultores dos seus produtos.

11 Plan integral de recuperación dos caladoiros do litoral, das rías e dos bancos naturais de marisqueo. Esixencia á Unión Europea e ao Estado español de que os acordos que asinen con terceiros países non exclúan a flota galega.